



ROBOTIZACIÓN DO MUXIDO, UN IMPULSO VITAL PARA A GRANXA

Os irmáns Alberto e Fermín Sanz son os únicos propietarios da gandería segoviana Sanz Escorial (Cantalejo). Con 270 cabezas de gando en total, entre frisonas produtoras de leite, recría e xatos para ceba, atopáronse de fronte hai anos cun dos problemas máis recorrentes no sector lácteo: a falta de man de obra cualificada.

A continuidade da súa gandería dependía de lanzarse a apostar polo muxido robotizado, se non seguramente terían que chegar ao peche. Como clientes do distribuidor GEA na zona, Comercial Lobo, e tras visitar varias explotacións similares, déronse conta de que esta podería ser a solución e finalmente colocaron dous DairyRobot R9500.

Hai 14 meses que cambiaron a sala 2x4 na que muxían as súas 105 vacas de leite polos dous robots de GEA e nas seguintes páxinas cóntannos toda a súa experiencia.

Ademais, pasaron de traballar con podómetros a xestionar os seus animais cos colares CowScout e engadiron ao proxecto de robotización a saída guiada e unha sala de espera con portas de preselección e postselección para un manexo máis eficaz das vacas.



Para máis información:
GEA.com/es

GEA

Engineering
for a better
world.

Localización: Cantalejo (Segovia)
Número total de animais: 270
Vacas en produción: 105
Media de número de muxidos en robot: 2,9
Media de produción: 38 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,90 %
Porcentaxe de proteína: 3,20 %
RCS: 120.000 cél./ml



EN
VÍDEO

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar os robots?

Ata hai 14 meses, que arrincamos cos robots, muxiamos nunha sala 2x4.

Por que decidiron pasarse ao muxido robotizado?

Enfrontámonos a problemas coa man de obra e había dúas opcións: abandonar a gandería ou facer algo para non depender de traballadores.

Comezamos a valorar a opción dos robots, visitamos outras granxas parecidas á nosa que estaban a saír adiante con este sistema e decidimos apostar por eles.

Por que elixiron GEA?

É unha marca de prestixio e funciona ben. Ademais, é a que distribúe na zona Comercial Lobo, cos que temos moi boa relación desde hai anos.

Que características deste modelo lles gustaron máis?

A principal razón para elixir GEA foi que a vendía Comercial Lobo. Unha vez posto, vemos que o foso nos achega un fácil acceso ao ubre. É algo moi importante.

En que consistiu todo o proxecto?

Cos robots instalamos unha sala de espera con porta de preselección. É a encargada de deixar entrar as vacas que teñen permiso para muxirse e de devolver á nave as que non o teñen. As dúas máquinas contan con saída guiada e

→ **Alberto Sanz: “A nosa idea era poder continuar coa granxa sen depender de traballadores e ese obxectivo está conseguido”**

ao final hai unha porta de postselección de tres vías: cara á sala de espera, para aquelas que non quedaron ben muxidas; cara á nave, para as que fixeron todo o proceso con normalidade, ou cara á enfermería, para aquelas vacas paridas recentemente, coxas ou tratadas.



Ignacio Fernández
Delegado de posventa
de GEA en Castela
e León

→ **“O noso robot dispón de dúas unidades finais, o que permite tratar o leite de maneiras diferenciadas”**

Que destacaría do modelo de robot instalado nesta granxa?

A principal característica do noso robot é o sistema In Liner Everything, é dicir, que realiza todo o proceso de muxido nunha soa colocación. Desde o momento no que a teteira se coloca, lava, fai o *predipping*, a estimulación, saca primeiros chorros, realiza a identificación da cor e da condutividade do leite, moxe, sela o teto e retira. Ademais, garante a desinfección entre cada vaca. Todo iso contribúe, e moito, á calidade do leite.

Outro aspecto importante do noso robot é que dispón de dúas unidades finais. O leite

dos animais tratados ou das vacas que están a dar costro nunca se mestura co que vai ao tanque. É outra das características que só o sistema de GEA pode levar a cabo.

Como foi o deseño deste proxecto?

Por unha banda, a zona dos robots independizámola ao máximo, quedou case como un anexo á nave, un centro de muxido onde toda a xestión é moito máis cómoda.

Pola outra, decidimos incorporar porta de preselección e sistema de saída guiada cos robots na mesma dirección, e porta de postselección para facilitar a xestión dos animais.

Tamén incorporamos os colares CowScout. Nós xa estabamos afeitos a traballar con podómetros, para detectar celos, pero agora os colares ademais rexistran a ruminación. Cando mos ofreceron, non me parecían importantes; hoxe considéroos fundamentais. Se unha vaca ten un problema, unha indigestión, deixa de comer e de rumiar, e a nós sáltanos inmediatamente a alarma. Permítenos detectar antes os problemas e darlles solución con antelación.

Como planificaron o proceso de instalación?

Estivemos unha tempada metendo vacas aos robots para que estivesen tranquilas. Cando todas as vacas conseguiron estar acougadas e comendo neles, empezamos a muxir.

Como lembran o cambio?

Estresante. Os primeiros días pasamos moitas horas sen durmir, preocupados. Era necesario aprender moitas cousas novas e facíase complicado.

Logo, van pasando as semanas, as vacas van cambiando a rutina, xa saben que poden vir muxirse a calquera hora do día, e é aí cando o traballo se vai relaxando.

Ao principio ninguén está tranquilo, nin as vacas nin os gandeiros. Pasado o tempo, todo foi mellorando.

Como é agora o seu día a día na granxa?

Basicamente é igual, só que agora non hai que muxir. Si que se nota que o gando está máis calmado.

Nós non estamos suxeitos a horarios. O traballo é máis flexible, máis tranquilo, e o rabaño está mellor.

Que valoración fan do cambio?

A nosa idea, cando nos decantamos polos robots, era poder continuar coa granxa sen depender de traballadores e ese obxectivo está conseguido. O traballo, ademais, é máis relaxado. Estamos moi contentos coa decisión.

De cara ao futuro, aínda que non queremos crecer en ningún caso, o que pretendemos é seguir mellorando. É posible que automaticemos máis aspectos da granxa.



Saída guiada para unha xestión máis eficaz das vacas



Consideran fundamentais os colares CowScout para detectar antes os problemas



Porta de postselección de tres vías: cara á sala de espera, cara á enfermería ou cara á nave



Francisco Lobo
Director comercial de
Comercial Lobo,
distribuidor de GEA
na zona

→ **“A saída guiada e a entrada aos robots polo mesmo lado permiten que a carga de traballo se distribúa mellor entre ambas as máquinas”**

En que se baseou este proxecto?

Os nosos clientes buscaban ser capaces de facer todas as tarefas do seu negocio coa menor carga posible de persoal alleo.

Para iso, non só automatizamos o muxido en si senón todo o proceso. A sala de espera está dirixida por unha porta de preselección e os animais abandonan os robots por saída guiada e porta de postselección. A saída guiada e a situación dos robots no mesmo sentido, con entrada polo mesmo lado, permiten que a carga de traballo se distribúa mellor entre ambas as máquinas. Este é un sistema que só pode ofrecer GEA.

En que consiste o seu asesoramento?

O noso asesoramento é global, tanto antes como despois da posta en marcha. Colaboramos no deseño dos proxectos coa idea de poder adaptar as granxas da mellor forma posible para obter o mellor resultado.

Unha vez que os animais xa están afeitos e os gandeiros van traballando mellor, pasamos á fase de seguimento. Facemos un estudo cada semana, para comprobar os datos dos robots, e ofrecemos a nosa axuda para tentar lograr o máximo rendemento.